

CONCELLO DE OIA

*Ref.: bad*Expediente: Parque eólico Torroña I

Asunto: **Resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), en concreto, das instalacións do Parque Eólico Torroña I, emprazado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño, da provincia de Pontevedra (IN408A 2020/24).**

Achégolles a resolución citada no asunto, xunto coa documentación técnica asociada (proxecto de execución, estudo de impacto ambiental, estudo de aves e quirópteros, proxecto de interese autonómico) para os seguintes efectos:

- Que durante o período de información pública (30 días hábiles), manteñan exposta no seu taboleiro de anuncios a mencionada resolución e que a documentación técnica poida ser consultada nese concello polas persoas interesadas. O prazo de 30 días comezará a contar dende o día seguinte da publicación da resolución, que se fará nas próximas datas, no Diario Oficial de Galicia. Unha vez rematado, deberán devolver a esta xefatura territorial unha dilixencia acreditativa da súa exposición, acompañando, de ser o caso, os escritos de alegacións presentados.
- Dar audiencia a ese concello en relación co proxecto de interese autonómico.
- Solicitar informe a ese concello en relación co estudo de impacto ambiental. A este respecto, o concello deberá remitir a esta xefatura territorial no prazo de 30 días hábiles o seu informe, de acordo co disposto no artigo 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A documentación pode ser descargada nas seguintes ligazóns:

Resolución de información pública:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/MHSss4KxPdyAQqJ>

Proxecto de execución:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/GRB3HQpHAADK8Rw>





Estudo de Impacto Ambiental:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/SnxqTyRmnXxsKWn>

Proxecto de Interese Autonómico:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/xqAtg6MLeJdSWm6>

Así mesmo, achégolles a separata técnica do proxecto técnico, coa solución adoptada en relación coas afeccións a bens e dereitos a cargo dese organismo. A este respecto, e de conformidade co disposto no artigo 33.14 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada por la Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, de non recibirse o seu informe no prazo de 1 mes a contar dende a recepción da presente solicitude, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase coa tramitación do procedemento.

A separata técnica do proxecto pode ser descargada na seguinte ligazón:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/mMfD34TFEDcPBL>

Pontevedra, na data indicada á marxe

A Xefa Territorial

